



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 29 DE OUTUBRO DE 2010**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. ANGEL LOPEZ SUEIRO.

### **CONCELLEIROS:**

DNA. M. JOSEFA COBELO MOREIRA

DNA. JOSEFA FINA SECO VILAR.

D. FERNANDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ.

DNA. EVA MARIA FRAGA SANMARTIN.

D. FERNANDO VILAR DÍAZ.

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO.

D. JUAN PUENTES CALVO .

### **SECRETARIO:**

D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás nove horas do vinte e nove de outubro de dous mil dez baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. ANGEL LOPEZ SUEIRO, reúnen-se os Sres. Concelleiros que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebra-la sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA EN DATA 30.09.2010. ACORDO QUE PROCEDA.-**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta de setembro de dous mil dez.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, maniféstase que na derradeira sesión ordinaria acordarase incluír nesta sesión como punto da orde do día o debate e votación sobre unha moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, referente a solicitude á Xunta de Galicia da declaración da Capela como municipio turístico, asimesmo con respecto ó punto 2 da orde do día menciona que ten presentadas enmendadas ó mesmo.

Polo Alcalde-Presidente díselle que na vindeira sesión incluírase o asunto expresamente na orde do día.

Non se formulando ningún outro tipo de observación ou alegación, o Pleno Municipal por unanimidade acorda aproba-la acta da sesión anterior.

**2.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISRO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE E DAS ACOMETIDAS Á REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA. APROBACIÓN INICIAL. ACORDO QUE PROCEDA.-**

Polo Sr. Alcalde - Presidente maniféstase ó Pleno da Corporación que retira o presenta asunto da orde día.

**3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3/2010. ACORDO QUE PROCEDA.**

Polo Secretario do Concello dase conta da redacción do expediente de modificación de créditos nº 3/2010 que contén suplementos de crédito por importe de 27.997,19€ que se corresponden co seguinte Suplemento da partida 2010.0.3.68 por sendos importes de 3598,70 e 9.998,49€ en concepto de subvencións cultura da Deputación para atender gastos de equipamento no pavillón, ximnasio, biblioteca e escola de música municipal e a partida 2010.0.4.61 por importe de 14.400€ para executa-lo proxecto de recuperación de parcelas de uso veciñal no núcleo rural de Martín, para uso recreativo, subvención da Xunta de Galicia correspondente ó Fondo de Compensación ambiental 2010.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega D. Fernando Vilar Díaz, para pedir ó Sr. Alcalde-Presidente que explique máis polo miúdo como se vai a investi-lo diñeiro.

Polo Concelleiro de Cultura D. Juan Puentes Calvo, respóstaselle que o diñeiro vai fundamentalmente a dotar de equipamento ó pavillón, ó ximnasio así como á biblioteca e á escola de música, e que coa subvención da Xunta pretende facerse nunhas parcelas de propiedade veciñal, un espazo de lecer parecido ó dos Picos.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise en primeiro lugar que con respecto ó ximnasio habería que colocar un espello que falta e centrándose no expediente de modificación de créditos manifesta que aínda que o seu grupo non está en contra de facer a área de Martín, o equipo de goberno debe establecer prioridades porque hai necesidades máis urxentes e cita textualmente o caso da acometida de auga ó

Colexio, pídelle ó grupo de goberno que xestione ben as subvencións e que cubra os servizos básicos que necesita o Concello.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (5 votos a favor da aprobación dos Sres. concelleiros /as dos Grupos Municipais do P S de G- PSOE, e BNG - Mixto, 2 votos en contra do concelleiro /a do Grupo Municipal do Partido Popular, e 2 abstencións dos Concelleiros/as do Grupo Municipal de Terra Galega, adopta o seguinte acordo:

1º.-Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 3/2010, do vixente orzamento, debendo aplicarse as cantidades propostas ás partidas que se reflexan no expediente de referencia, coas modificacións acordadas o resumo do orzamento de gastos por capítulos queda fixado da seguinte maneira:

CAPITULO	Consignac.	Suplementos de crédito	Financiación Remanent e Líquido de Tesourería	Transf. positivas	Total Consig. resultante
I.- Gastos de Persoal	490.513,06€				490.513,06€
II.- Gastos en Bens correntes	472.459,58€				472.459,58€
III.- Gtos financeiros	2.700€				2.700,00€
IV.- Transf. Correntes	36.000,00€				36.000,00€
VI.- Investimentos Reais	689.807,70€	27.997,19€			717.804,89€
VII.- Transf. de Capital	0,00€				0,00€
VIII.- Activos Financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos Financeiros	22.398,32€				22.875,85€
<b>TOTAL</b>	<b>1.713.878,66€</b>	<b>27.997,19€</b>			<b>1.741.875,85€</b>

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ó público no BOP, e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles ós efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamación contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva do anuncio no BOP.

**4.- RENUNCIA COMO CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO P S DE G - PSOE DE DNA. MARIA JOSEFA COBELO MOREIRA. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do escrito presentado por Dna. María Josefa Cobelo Moreira, concelleira do Grupo Municipal do P S de G-PSOE, de data 5 de outubro de 2010 comunicando a súa renuncia ó cargo de concelleira por motivos de carácter persoal e laboral.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, maniféstase que lle desexa o mellor na súa vida persoal e ó mesmo tempo pide desculpas por si nalgún momento do debate político puido tela ofendido.

No mesmo tenor maniféstase o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. José Seco Fernández.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. Concelleiros /as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º.- Tomar coñecemento e acepta-la demisión como concelleira deste concello de Dna. María Josefa Cobelo Moreira.

2º.- Remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central, ós efectos de que se proceda á expedición de credencial do substituto que corresponde ó número 5 da lista presentada polo Partido Político P. S. de G-PSOE nas eleccións municipais de 2007, na persoa de D. Manuel Meizoso López.


E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as nove horas vinte e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**



Asdo.: Anxo López Sueiro.

**O Secretario**



Asdo.: José A. Meizoso Paz.